

# PLATAFORMA DE NEGOCIACIÓN DE ZARA-LOGÍSTICA (2023-2025)

**VIXENCIA:** 3 anos (2023-2025).

**INCREMENTO SALARIAL:** 5% en tódolos conceptos para 2023, 5% para 2024 e 4,5% para 2025. Cláusula de revisión con carácter retroactivo de IPC real a fin de ano.

## PLUSES:

- Incremento do complemento da quenda fixa de noite ata acada-lo **35%** do salario anual.
- Incremento do complemento da quenda fixa de tarde ata acada-lo **30%** do salario anual.
- Creación do complemento da sección de carga ata acada-lo **35%** do salario anual.
- Creación do complemento da quenda rotativa ata acada-lo **15%** do salario anual.
- Creación do complemento da quenda fixa de mañá ata acada-lo **7,5%** do salario anual.
- Incremento do plus de tarde ata **25€**.
- Incremento da nocturnidade ata o **35%** do prezo da hora ordinaria.
- Incremento do plus de festivos e domingos ata o **150%**.
- Incremento do plus de sábado/madrugada luns ata o **100%**.
- Incremento da prima de vacacións ata **1.200€**.
- Incremento da prima de asistencia e puntualidade ata **1.500€** anuais e proporcional aos días de presenza (sen ter en conta licenzas e baixas por continxencias profesionais).
- Prima de vinculación: pasar a cobrala aos **20** anos de antigüidade na empresa **1.500€ (100x15 pagas)**, coa posibilidade de un cobro único no mes de agosto.
- Creación de un plus ante a exposición ao risco pola capacidade de efectuar tódalas tarefas do almacén, **12€** por xornada realizada.

## CALENDARIO:

- REDUCCIÓN DE XORNADA ANUAL: para 2023: **32** horas na quenda fixa de mañá, **24** horas no resto de quendas. En 2024 e 2025: **24** horas cada ano de redución.
- Eliminación de sábados para quenda fixa de mañá e rotativa, en todo caso o traballo en sábado será de adscrición voluntaria.
- Quenda rotativa: librará 1 venres de cada 4 e sempre na semana de tarde.
- Quenda fixa de mañá e tarde librará 1 venres de cada 4.
- Eliminación de venres posterior aos sábados de traballo voluntario.
- VACACIÓNS: Posibilidade de pedir **13** días de vacacións soltos, que se poidan cambiar de acordo coas normas e límites do resto de vacacións.
- Aumentar o número de traballadores da quenda de noite en **25**.
- Aumentar o numero de traballadores nas xornadas de madrugada-luns / venres-noite en **15**.
- Conciliación: Inclúranse fóra do número de prazas que ofrece a empresa, as situacións especiais e debidamente xustificadas de familia monoparental, persoal coa custodia completa ou compartida, cando non accedan á quenda por non contar coa puntuación suficiente.

- Redución de xornada por fidelidade: Con menos de **50** anos de idade e **20** de antigüidade na empresa a xornada comezará a diminuír paulatinamente **1** día por ano.
- Posibilidade de utilizar o tempo de compensación pola realización de horas extras en horas soltas.
- Eliminación do tope de **250** traballadores na quenda de tarde.

### **XUBILACIÓN ANTICIPADA:**

- Creación dun sistema que combine a redución de xornada para maiores de **50** anos e aproveite as posibilidades que permita a lexislación vixente en cada momento, para acadar de maneira paulatina unha situación de retiro aos **55** anos, análoga á das traballadoras de fábricas.
- Establecemento da posibilidade de acollerse ao retiro anticipado aos **55** anos cobrando o **80%** do salario bruto anual.
- Calquera destas circunstancias non implicarán unha redución no cadro de persoal estrutural pactado.

### **XORNADAS ESPECIAIS EN FUNCIÓN DA IDADE:**

- Incremento da redución de xornada anual da seguinte maneira:

	<b>XORNADA</b>	<b>XORNADA</b>	<b>XORNADA</b>
<b>IDADE</b>	Horas de redución <b>2023</b>	Horas de redución <b>2024</b>	Horas de redución <b>2025</b>
<b>50</b>	<b>64</b>	<b>80</b>	<b>120</b>
<b>51</b>	<b>80</b>	<b>120</b>	<b>160</b>
<b>52</b>	<b>120</b>	<b>160</b>	<b>200</b>
<b>53</b>	<b>160</b>	<b>200</b>	<b>240</b>
<b>54</b>	<b>200</b>	<b>240</b>	<b>280</b>
<b>55</b>	<b>240</b>	<b>280</b>	<b>320</b>
<b>56</b>	<b>280</b>	<b>320</b>	<b>360</b>
<b>57</b>	<b>320</b>	<b>360</b>	<b>400</b>
<b>58</b>	<b>360</b>	<b>400</b>	<b>480</b>
<b>59</b>	<b>400</b>	<b>480</b>	<b>560</b>
<b>60</b>	<b>480</b>	<b>560</b>	<b>640</b>
<b>61</b>	<b>560</b>	<b>640</b>	<b>720</b>
<b>62</b>	<b>640</b>	<b>720</b>	<b>800</b>
<b>63</b>	<b>720</b>	<b>800</b>	<b>880</b>
<b>64</b>	<b>880</b>	<b>960</b>	<b>1.040</b>
<b>65</b>	<b>1.200</b>	<b>1.280</b>	<b>1.360</b>
<b>66</b>			
<b>67</b>			

- Ao cumprir os **65** anos, quedarase exento de traballar en situación de licenza retribuída por idade.
- Renovación do acordo de xubilación parcial 2020-2022.
- Na xubilación parcial a empresa asumirá o 100% da xornada que o traballador debería realizar ata alcanzar a idade da xubilación ordinaria.

## PERMISOS:

- **7 días**, ou **56 horas**, de asuntos propios. Un máis por cuadrenio a partir do terceiro cuadrenio.
- **1 día** por falecemento de curmán.
- Aumentar a **80 horas** a bolsa por acompañamento ao médico polo primeiro fillo menor de **17 anos** ou parentes a cargo, **96** polo segundo e **112** polo terceiro ou máis. No caso de familiar ou fillo con discapacidade dobraranse as horas de acompañamento.
- Aumentar en **4 días** o permiso por hospitalizacións prolongadas de parentes de ata **2º grao** xustificando todo o ingreso.
- Ampliación da idade dos fillos ata os **18 anos** a efectos da bolsa de acompañamento.
- **4 horas** de licenza retribuída na quenda de noite para asistir ao médico, a xuízos ou renovación de carnés pola mañá.
- Coidado do lactante ata os **12 meses**, coa posibilidade de facer uso da licenza en días soltos.
- Equiparación a repouso das ausencias dos nenos ao colexio.
- Ampliación ao **14%** da porcentaxe de ausencias diarias por licenzas e compensación de horas extras.
- Aumentar a **30 días** o acompañamento de fillo ao médico fóra da comunidade.
- Artigo q) nas situacións de atención médica fóra da provincia os días que transcorran no medio computarán como licenza.
- **20 días** por matrimonio.
- **5 días** por separación.
- Recoñecemento para tódalas licenzas das parellas que acrediten convivencia, igual que os matrimonios.

## CONDICIÓN SOCIAIS:

Aumento das axudas sociais establecidas actualmente ata as seguintes cantidades:

- Nacemento **500€**.
- Familiar a cargo ata **3º grao**, con dependencia de nivel (**I, II e III**), fillos con enfermidades raras ou que supoñan un gasto excesivo e continuado **350€**. Aplicable tamén para familiares ingresados en residencias. Aumento do tope de ingresos a **18.000€**. Esta axuda tamén se aplicara ao persoal que teña familiares de **1º grao** nun centro de atención permanente para o seu coidado. Esta axuda é compatible coa de fillos celíacos ou enfermidades similares.
- Material escolar : **300€** para fillos en educación infantil, primaria, secundaria, bacharelato ou FP. **800€** para fillos menores de **26 anos** que cursen estudos universitarios ou másters.
- Axuda para fillos que cursen estudos universitarios consistente no **50%** das taxas universitarias.
- Posibilidade de redución de xornada con elección de concreción horaria para adaptarse ao calendario lectivo dunha titulación académica.
- Gardería, servizo de garda custodia e comedor ata os **12 anos** e **200€**.
- Ampliación da redución de xornada por garda legal de fillos ata os **16 anos**.
- Aumento do límite do anticipo de salario ata **15.000€** ( a devolver en **78 mensuralidades**).
- Aumento desconto **Afinity** ao **30%** e do límite de gasto a **5.000€**. Mantemento do desconto despois da xubilación.
- **Seguro**: Pagamento das indemnizacións en función dos ingresos brutos do último ano.
- Posibilidade de elixir horario en **días** na redución voluntaria de xornada e aumentar o tope ao **4%** das horas totais do almacén.

- Aumentar a **10** o número de permutas sen compañeiro.
- No caso de falecemento de traballador a empresa pagará un complemento á familia a razón de **500€**/mes por cada fillo ata que cumbran 25 anos.
- **RECUPERAR O PUNTO 29) OTRAS CONDICIONES SOCIALES, DO ACORDO REGULADOR ANOS 2017-2019:** O traballador terá a posibilidade de cambiar os sábados que teña que traballar polo mércores, sempre e cando acredite a necesidade de dispor dese día para o coidado dun familiar en situación de dependencia que se encontre ao seu cargo.
- O traballador podería solicitar unha excedencia voluntaria como máximo de 5 anos con reserva do posto de traballo, debendo comunicarllo á empresa con un mínimo dun mes de antelación.

## **SEGURIDADE E SAÚDE:**

- **PENOSIDADE:** En ningún caso as horas desempeñadas en tarefas penosas excederán o 25% do tempo de traballo efectivo de cada persoa. Establecerase a través do Comité de Seguridade e Saúde unha comisión de seguimento para supervisar o cumprimento estrito deste límite . No caso de que por calquera causa se previse un aumento da penosidade este límite individual respectarase recorrendo a un aumento na contratación. Desde o Comité de Seguridade e Saúde establecerase unha planificación para reducir paulatinamente este máximo.
- **Dúas** entregas de calzado ao ano.
- Pagamento íntegro das sesións de fisioterapia.